

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12030 *Lei 24/2014, do 20 de novembro, pola que se crea o Consello Xeral de Colexios de Terapeutas Ocupacionais.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, establece no seu artigo 4.4 que cando estean constituídos varios colexios da mesma profesión de ámbito inferior ao nacional existirá un Consello Xeral de Colexios, cuxa creación debe ter lugar mediante lei do Estado, a teor do previsto no artigo 15.3 da Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico.

A situación antes descrita prodúcese na actualidade en relación coa profesión de terapeuta ocupacional, polo que resulta procedente constituír, mediante esta norma, o correspondente Consello Xeral de Colexios de Terapeutas Ocupacionais.

Artigo 1. *Creación.*

Créase o Consello Xeral de Colexios de Terapeutas Ocupacionais como corporación de dereito público que terá personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins de acordo coa lei.

Artigo 2. *Relacións coa Administración xeral do Estado.*

O Consello Xeral de Colexios de Terapeutas Ocupacionais relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Disposición adicional primeira. *Comisión xestora.*

1. No prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei constituirase unha comisión xestora composta por un representante de cada un dos colexios de terapeutas ocupacionais existentes no territorio nacional, sempre que se encontren constituídos ou sexan formalmente creados pola correspondente comunidade autónoma.

2. A comisión xestora elaborará, no prazo de seis meses contados desde a entrada en vigor desta lei, uns estatutos provisionais reguladores dos órganos de goberno do Consello Xeral de Colexios de Terapeutas Ocupacionais, nos cales se deberán incluír as normas de constitución e funcionamento dos ditos órganos, con determinación expresa da competencia independente, aínda que coordinada, de cada un deles.

3. Os estatutos provisionais remitiranse ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, que verificará a súa adecuación á legalidade e ordenará, se é o caso, a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición adicional segunda. *Constitución do Consello Xeral de Colexios de Terapeutas Ocupacionais.*

1. O Consello Xeral de Colexios de Terapeutas Ocupacionais quedará formalmente constituído e adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar no momento en que se constitúan os seus órganos de goberno conforme o previsto nos estatutos provisionais a que se refire a disposición anterior.

2. No prazo dun ano desde a súa constitución, o Consello Xeral de Colexios de Terapeutas Ocupacionais elaborará os estatutos previstos nos artigos 6.2 e 9.1.b) da Lei de colexios profesionais, que serán sometidos á aprobación do Goberno, por proposta do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do número 1 do artigo 31 do Real decreto lei 9/2014, do 4 de xullo, polo que se establecen as normas de calidade e seguridade para a doazón, a obtención, a avaliación, o procesamento, a preservación, o almacenamento e a distribución de células e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos.*

Engádesse un segundo parágrafo ao número 1 do artigo 31 do Real decreto lei 9/2014, do 4 de xullo, polo que se establecen as normas de calidade e seguridade para a doazón, a obtención, a avaliación, o procesamento, a preservación, o almacenamento e a distribución de células e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos, coa seguinte redacción:

«Este rexistro será único, de carácter público, e estará integrado, xunto cos centros de captación de doadores, no Sistema nacional de saúde. As comunidades autónomas serán responsables da captación de doadores, da obtención dos proxenitores para o transplante así como, logo do informe da Comisión de Transplantes do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, da determinación do número de doadores susceptibles de rexistro que se deberá axustar, en todo caso, ás necesidades de transplante da poboación.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 20 de novembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY